

	 Amigos da Terra	Comunicado de Prensa	amigosdaterra.net
--	---	-----------------------------	-------------------

Amigos da Terra

R/ Bedoia nº5 2ªesda 32003 Ourense
Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020
e-mail: info@amigosdaterra.net

Fisterra, 25 de Xaneiro de 2017

O Concello de Fisterra amplia o seu programa de compostaxe doméstica a 20 novas familias do municipio.

O éxito da primeira experiencia fixo que o concello decidira ampliar o programa a 20 novas familias do municipio que a partir de este xoves xestionarán os residuos dos seus fogares a través da compostaxe.

Un ano despois de rematar a primeira experiencia de compostaxe, o Concello suma 20 novas familias a este programa que arranca este xoves ás 18,30h coa fase formativa, ás 18,30h.

A preocupación do Concello de Fisterra polo crecente aumento de toneladas de residuos orgánicos nos vertedoiros, levou ao mesmo hai dous anos a plantexar esta iniciativa de compostaxe, ou proceso de descomposición da materia orgánica, de xeito controlado. Despois do éxito da primeira experiencia, esta semana suma 20 novas familias a esta práctica, dan man da organización ambientalista Amigos da Terra, con mási de 14 anos de experiencia nestes proxectos, e a colaboración da empresa xestora de residuos municipais, Grupo Soil.

O programa de compostaxe, que durará 8 meses, arranca hoxe coa fase formativa dirixida a todas as familias participantes. Dende agora e durante este ano, as técnicas de Amigos da Terra visitarán cada unha das familias participantes, co fin de facer un seguemento riguroso do proceso, ó longo destes oito meses e garantir a redución de residuos e a obtención de un compost de calidade.

Coa compostaxe estaremos reducindo nun 50% a cantidade de residuos enviadas ó contedor xenérico, producindo un importante aforro municipal, ademáis de obter un produto de calidade para os solos galegos, declara María Durán, Responsable da área de recursos naturais e residuos de Amigos da Terra.

O único requisito para formar parte deste programa é, ser veciño/a do Fisterra, ter un pequeno xardín ou horta e estar disposto e motivado a formar parte deste proxecto educativo e formativo.

Amigos da Terra

María Durán, Técnica do proxecto

Tlf: 671865839

988374318